

Documento distribuído por



Notas sobre a obra de Engracia Vérez Puentes

Antonio Carreira Vérez



Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2º andar. 15705 Santiago de Compostela (Galicia)
Tfno.: 981957202 / Fax: 981957205 / xenero@consellodacultura.org

Notas sobre a obra de Engracia Vérez Puentes

Antonio Carreira Vérez

Como xa se indicou no texto biográfico, Engracia ocupouse de recoller e ordenar as súas creacións en tres libros mecanoscritos: *Sueños de una vida*, composto por poemas escritos en castelán; *Rosas da miña roseira*, libro de poemas en galego; e *Socedallas*, conxunto de contos escritos tamén en galego.

No que toca ao idioma, se se divide a súa obra en dúas etapas desiguais de duración e densidade, antes e despois da súa xubilación, obsérvase que a obra castelá predomina na primeira e a galega na segunda, aínda que neste caso os contidos acostuman remontarse ata a súa nenez ou máis atrás. En xeral, parece escoller o galego para expresar o humor e o castelán para temas serios ou íntimos como o relixioso.

Na métrica amosa unha destreza notable para unha afeccionada, sobre todo nos sonetos, ás veces dispostos en series, ou nos versos de pé quebrado. Nalgún poema da súa última época fai uso da asonancia, aínda que se mantén afastada do romance. Non hai en toda a súa obra nin un acento non xa erróneo, senón de dubidosa pertinencia. Os seus recursos, que non buscan estridencia nin renovación, saltan nalgúns casos as regras obedecendo a impulsos internos, sobre todo en *Sueños de una vida*: por exemplo, o soneto «Madre Galicia» (n.º 17) é heterométrico e embebe o estrambote tras o primeiro cuarteto. Máis

próximos ao modernismo son experimentos como o poema «Dolor de ausencia» (n.º 1), que adopta o peón terceiro acentual, como o célebre nocturno do colombiano José Asunción Silva, a quen probablemente a poetisa non lera; ou «La huerfanita» (n.º 3), construído en pentadecasílabos ternarios dispostos en pareados, cousa rara que os tratadistas localizan no mexicano González Martínez. O pé pentasílabo dese poema recupérase en «Ocaso» (n.º 77).

Socedallas é un conxunto de relatos que oscilan entre o recordo autobiográfico de obvio referente real (n.ºs 31, 32, 33, 38) e o conto folclórico propiamente dito, como os recollidos por Carré Alvarellos ou Carballo Calero, ou cando menos apelan ós seus procedementos típicos: así, o remate en *clever remark* (n.ºs 13, 17 e 20). A autora, que aparece como testemuña dalgúns, pon coidado en diferenciar os que acostumaba escoitar de nena, e que polo tanto haberá que situar no século XIX, dos vividos por ela durante a súa etapa de mestra na costa coruñesa, nas primeiras décadas do XX. Uns e outros amosan unha Galicia máis miserable ca idílica, as pequenas malicias dos labregos, os seus complexos e manías, que orixinaban anécdotas logo repetidas e modificadas para amenizar os faladoiros. Á parte da súa graza remota e case sempre inxenua, presentan elementos novos ou instrutivos, como o conto que varía a orixe do culto a San Andrés de Teixido (n.º 11), a sorna coa que está xa contemplada a tradición do pranto (n.º 21) ou o detalle co que se ilustra o cultivo e elaboración do liño (n.º 17). A autora, por último, era consciente de que dialecto, como sostíña Unamuno, significa lingua viva, falada, e quixo anotar usos locais que hoxe poden parecer anómalos e quizais estean en vías de desaparecer, mais foron o único galego vixente antes da normalización.